

IRIMIA



Fun forasteiro e acollésmes

ANO XXXV • Nº 944 - Do 25 de abril ao 8 de maio de 2016



Ninguén é ilegal

A foto que fala

Atope a diferenza.



Pedregal de Irimia 2012



Pedregal de Irimia 2015

O trasno Enxeñería do sentimento

Daniel López Muñoz



No seu precioso discurso de entrada na Real Academia Galega, Manuel María dicía isto:

A nosa paisaxe nativa acompañanos sempre. Todos os días da nosa vida, sen faltar un, lembrámola de xeito apaixonado. Entendemos que un ser humano é, en esencia, un anaco de paisaxe posto en pé e camiñando.”

Somos os anacos de paisaxe que nos emocionaron, que nos tocaron. O noso urdido son os afectos e as paisaxes primeiras.

Hai algo de sagrado e simbólico nas paisaxes galegas, cando menos en certas paisaxes de certos recantos do país, un ben precioso que deberíamos evitar que nolo “poñan en valor”

Cando falan de poñer algo en valor,... é para saír a correr e non parar. Cando os políticos do crecemento ilimitado –que chaman progreso– puxeron en valor a praia das Catedrais, desencadearon a desfeita.

Hai varias formas de “poñer en valor” e deturpar a paisaxe, e una das máis coñecidas é a eucaliptización, unha forma lucrativa de desidia forestal. En calquera sitio, dálle para diante. A asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) infórmanos de que se poden estar a realizar novas plantacións de eucaliptos a carón das fontes do Miño, arredor do Pedregal de Irimia.

A cuestión é que, como indica a propia ADEGA, pode ser perfectamente legal. Por iso o movemento vai na liña de conseguir que se dote á zona dun nivel de protección que impida que prime o valor privado sobre o interese público. Indican que o Pedregal de Irimia está proposto como “área de interese paisaxístico” no Catálogo galego da paisaxe, pero que iso dificilmente evitaría unha eucaliptización total.

A mellor forma de valorar a paisaxe que temos é non estragala, ser conservadores, no mellor sentido da palabra. Pero os conservadores que nos gobernan non destacan por saberen conservar. Faría falta que aplicasen á paisaxe unha enxeñería legal, un xogo de cintura para xestionar os intereses contraditorios entre particulares e intereses varios, ...algo tan imaxinativo como esas enxeñerías financeiras que deseñan para adxudicar contratos, distraer fondos públicos, branquear cartos, financiar ao partido e encher contas e empresas en paraísos fiscais. Aquí temos un paraíso. No é fiscal. E precisa dunha estratexia imaxinativa, unha enxeñería do sentimento.

Editorial

Símbolos para a acción

Non hai escusas. A visita de Papa a Lesbos déixanos sen coartada. Formamos parte, gústenos ou non, do inmenso atentado contra os dereitos humanos que se está a vivir no noso continente, e non do lado das persoas máis débiles. Non podemos pechar os ollos. Non podemos tapar os oídos. Temos que ter a capacidade, como apunta o xesto de Francisco, de nos achegar á dor, a quen sofre, e non darlles as costas. *Todos somos Lesbos*, en palabras de Xabier Pikaza.

A viaxe do Papa ao centro da dor e da vergoña tiña un obxectivo declarado (por el mesmo): chamar a atención do mundo diante desta crise humanitaria. Nada é perfecto e efectivamente a viaxe recibiu críticas: os lugares estaban “preparados”; non o levaron a certos sitios, non é a solución...

A viaxe do Papa ao centro da dor e da vergoña quixo chamar a atención diante desta crise humanitaria

Con todo, Francisco, tamén como xefe de estado, fai algo distinto. Mesmo volve con algunha familia a bordo. Dá un exemplo da

responsabilidade que ten que asumir un gobernante dun país en situacións extremas, cando está en xogo a “razón de ser”, cando menos a que se presume, do ideal europeo: os dereitos humanos. Non é tempo de se esconder detrás de números, estatísticas e enquisas electorais: é momento de afrontar a realidade que contribuímos a crear, e facerlle fronte. Aí deberían estar Merkel, Hollande, Rajoy, presentando esa foto ante o seu electorado.

Francisco, ademais, fai unha lectura crente: Deus está en Lesbos, porque alí se xoga a dignidade dos “ninguén”; porque se tece unha enorme solidariedade de base humana e civil. Non é tempo de discursos vagos, de posicionamentos mornos: é a hora de deixármonos de rodeos e pasar dos símbolos á acción.

É responsabilidade dos nosos gobernos liderar as solucións e empregar os nosos recursos con ética para rematar con ese sufrimento causado pola guerra e a miseria. Pero non podemos ampararnos niso, aínda que teñamos a sensación de que “pagamos dúas veces” polo mesmo. Cómpre a mobilización, a participación da cidadanía tanto nos envíos de axuda urxente que as ONG organizan (p. ex. recentemente mandáronse máis de 17 toneladas de materiais desde Santiago) como nas mobilizacións que se convocan por todo o país para presionar os gobernantes, ou nas campañas abertas para recibir refuxiados nas casas, nas parroquias, nos concellos.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Sabemos que os da mesa de Irimia
teñen cartos en Panamá.

Este rumoroso lles pide
quen este ano nos paguen máis.

Pedímoslles aos cregos irimegos
que nos dean beizóns

porque este ano quedaremos
fartos de tantas eleccións.

Por que comecei con estas cantigas? Porque estiven botando contas: se cando estou escribindo estes rumores é 16 de abril, vai resultar que ti vas ler isto no tempo dos maios. Leo na galipedia que isto dos maios é do tempo anterior aos romanos. Que xa os galegos que había daquela facían maios para celebrar a chegada do verán e os pastores ían cara aos pastos das montañas. Esta tradición chega aos nosos días e seguimos celebrando esta festa. Lembro ben escoitar cantigas coma as que escribín antes cantadas por nenos e nenas, meténdose co alcalde ou co político ao que lle tocase caer en desgraza. Parece que esta festa ten forza e continúa a facerse en moitos lugares de Galicia. Longa vida para os maios.



O responsable da foto que fala non debe ser de fiar porque a súa colaboración non é quen de asinar.

1



3



2



4



A peneira

1

A metade das mulleres en idade de traballar viven na pobreza, menos de oito mil euros, e o 36% das empregadas non chegan ao salario mínimo. Das 120.000 **DESEMPREGADAS**, o 43% levan dous anos no paro e sen retribución. No rural endexamais se valoraron as súas tarefas na casa, explotacións, no comunal...

2

O Día do **TRABALLO** obriga a denunciar as desigualdades neste dereito. Así, os soldos das galegas/os son 250€ menores ca a media estatal, e o 46% ao que xa non se lle permite este dereito non teñen a cobertura do paro nin prestacións, pero si obrigas familiares. Na foto, manifestación esixindo a retirada da reforma laboral e da "lei mordaza".

3

O Parlamento vai decidir unha tarifa eléctrica galega por iniciativa popular da **CIG**. Seguen a colonizarnos pagando a peaxe do 40% da que vai a outros países, producíndoa nós ao pé da casa; mentres, os que non poden acceder a ela seguen ás escuras e as industrias afóganse cunha tarifa tan custosa coma inxusta.

4

O porto de Vigo é o primeiro en proxectar a súa expansión dun xeito sostible e o primeiro da península en movemento de **GRANITO**, que se exporta a Turquía, EUA, Marrocos... A diferenza doutros produtos tamén se elabora aquí. Non só o procedente das canteiras do Porriño, tamén o importado para fornecer as vendas das nosas empresas.

5



7



6



8



5

A **MATERNIDADE** de Colmeiro é un convite para visitar a exposición "A fronteira infinda" en Afundación da Praza Maior de Ourense. Son vinte pintores exiliados a América tras o golpe de estado coma Castelao, Arturo Souto, Luís Seoane... Ten un epílogo de pintores máis novos emigrados a Madrid ou París: Tino Grandío, Caruncho, Granell...

6

O Parlamento galego urxe a fin do bloqueo a Cuba que só sosteñen EUA e Israel, mentres 191 estados rexeitarono na ONU. O 27 é o XI Plenario das Comunidades Galegas na **HABANA**. A diáspora son 504.000 galegas/os, un 31% máis ca no 2009, case a poboación de Vigo e A Coruña. Cuba é a máis acolledora cun 7% máis; xa son 39.071.

7

O 25 de abril buscamos enerxía na Revolución dos **CARAVEIS** do 1975 e volvemos cantar con José Afonso "Grándola vila morena", para loitarmos contra a opresión do capital e a corrupción e soñar e construír a Europa dos pobos contra o imperialismo neoliberal que está a deshumanizarnos erguendo fronteiras contra exiliados e refuxiados.

8

Nova Escola Galega e o **CPI** de Cervantes organizan un encontro sobre "A educación soñada na montaña" dende os 70, coma alternativa para hoxe, visualizada na representación teatral *A pita dos Prados que elixiu a escola para poñer*, polos/as nenos do CPI, reivindicando a presenza da escola no rural (www.neg.gal).

Alfonso Blanco Torrado

Política Obxectivos e pretextos



Cómpre ao cidadán de a pé discernir moi ben entre pretextos e obxectivos no medio do balbordo da propaganda política. Os pretextos son aquelas propostas das que máis se fala e case nunca se cumpren e os obxectivos verdadeiros son os que máis se ocultan ou disimulan, incluso cando se conseguen. Por exemplo, os grandes retos da política económica de Rajoy eran reducir nunha medida ben determinada o déficit público e conter ou diminuír a débeda pública. O déficit nunca se reduciu no previsto e a débeda,

lonxe de se reducir, incrementouse ata practicamente o 100% do PIB. Está claro, pois, que estas propostas non eran obxectivos, senón pretextos, que se avalaban co argumento de que nos estabamos afacendo a vivir por riba das nosas posibilidades. Os obxectivos eran traspasar rendas do traballo ao capital; transferir dos traballadores aos empresarios poder e vantaxe nas negociacións; incrementar a oferta da mercadoría traballo ampliando o desemprego para rebaixar o seu prezo; pasar continuada e progresivamente ao mercado libre servizos públicos como a educación ou a sanidade, de tal forma que os teña, ou os teña mellores, quen os pague individualmente; substituír o dereito á satisfacción de necesidades elementais pola beneficencia para cubrilas minimamente, cambiando solidariedade por caridade. Obxectivos que, como podemos comprobar, vanse cumprindo relixiosa e sistematicamente. Como pretexto era incrementar a recadación fiscal para sacar adiante unha amnistía que tiña como obxectivo primordial evitar ou rebaixar as multas e sancións

dos grandes evasores fiscais. Naturalmente estes obxectivos nunca se explicitan e menos na forma tan concreta na que se cumpren. Preséntanse coma efectos colaterais, non queridos, pero inevitables, que se corrixirán cando os pretextos se alcancen na súa totalidade. Ad calendas graecas.

Nuns días é moi probable que volvamos ver programas electorais e a escoitar propostas políticas que buscarán o noso apoio. Unha boa forma para saber se son só pretextos ou obxectivos a cumprir é comprobar se se acomodan ou non, e en que medida o fan, aos principios ideolóxicos e aos valores que defende o partido que as propón. Se casan ben, poden ser obxectivos pero, se non, serán meros pretextos. Outra forma de discernimento é ver se esclarecen con precisión os medios e mecanismos para acadar o cumprimento do que se propón e, sobre todo, valorar a historia do que cada partido ata agora fixo ou deixou de facer.

Cómpre discernir moi ben entre pretextos e obxectivos



O peto común Con ASPNAIS de Lugo

Manuel Regal Ledo

Case todos andamos enredados en moitas historias; parécenos que, se non o estamos, a nosa vida non ten mérito; tendemos a medir a vida pola cantidade de historias nas que andamos metidos. E que esas historias teñan, polo menos, un aire ou arrecendo de solidariedade. De fóra de nós mesmos tamén nos chegan unha morea de demandas de atención: cousas da política, problemas sociais, realidades da parroquia, do conxunto da Igrexa. Todo iso tradúcese normalmente en encontros, xornadas, cursos, etc. Ás veces, un párase a sopesar a densidade do que vivimos, e canta palla e que pouco gran axuntamos nas nosas eiras!

Algo metido en todo isto, aínda que xa ben avisado da súa inconveniencia, recibín hai pouco tempo unha singular invitación no nome de **ASPNAIS** de Lugo, unha asociación -así se presenta- de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual. Unha invitación gratuíta para unha xornada de coñecemento e convivencia coa institución que está sostendo as actividades dos centros asistenciais, ocupacionais e residenciais desta asociación, e, na medida do posible, tamén de encontro cos mesmos residentes, homes ou mulleres, que se benefician, e de que maneira!, da oferta humanizadora que se lles está ofrecendo.

Poño esta segunda cousa en contraste coa primeira, porque claro que son persoa de actividade social, política, relixiosa, pero, mira ti por onde, con todo e ser da provincia de Lugo, con todo e ter traballado en Lugo bastantes anos, nunca reparara na fermosura da iniciativa de ASPNAIS, nunca pisara os seus centros, as súas instalacións, os seus variados obradoiros das Arieiras ou da Rampla

de Claudio López, nunca me vira con ningún dos seus animadores e animadoras, nunca me parara a mirar á cara a ningún dos seus residentes, home ou muller, e a escoitalle con asombro e agradecemento as súas entrecortadas explicacións sobre tal ou cal cousa do seu traballo, do seu progreso, da súa vida, da súa, cando menos aparente, felicidade. Nunca caera na conta das impresionantes historias humanas que se agachan detrás daqueles rostros sinalados pola limitación intelectual, pero máis sinalados aínda polas trazas do respecto, do agarimo, da tenrura, da paciencia acompañante, do interese indescribible por facer nacer flores no hermo, augas no deserto, sorrisos na máxima fragilidade.

Pareceume precioso o traballo de humanización que alí, en ASPNAIS, se está levando a cabo. Quedei moi agradecido daquela invitación, e prometín andar cos ollos e co corazón máis a ras da terra, para non ser ignorante de cousas tan alentadoras e, tamén, por que non, para axudar a espallar a súa presenza, non sexa que a alguén máis lle pase coma a min, e se vaia deste mundo sen ter gustado o que sabe unha chucha dun residente de ASPNAIS, o que vale e pesa a tarefa da xente profesional e voluntaria que os coida.



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista Na procura dos bos samaritanos de hoxe

X.L. Vilar

“2.000 anos despois da chegada de Xesús, mudaron moitas cousas, outras non tanto. El xa daquela falaba de asuntos que hoxe están vivos: a cobiza dos ricos e poderosos que vestían roupas finas e lucían alfaias, posuían escravos e concubinas e máis respectaban as leis sabedores dos seus enguedellados labirintos “Pondes lotes pesados sobre do lombo da xente, lotes que vós non sodes quen de levar” Non fagades coma eles, ...”

(AMAOS. Boletín informativo de Cáritas Parroquial de Ribeira. Xaneiro de 2015)



O día 23 de marzo morría en accidente de tráfico Luís Gaviria, un ateo confeso, anticlerical e con certificado de masón acreditado. Tamén voluntario de Cáritas de Ribeira. Non estaba estritamente ligado ás tarefas do comedor social, pero compartía cos seus compañeiros/as de Cáritas a urxencia de facer luz entre as sombras da pobreza. Porque diso se trata e por iso se traballa no equipo de Cáritas da parroquia de Santa Uxía. Desta mestura de samaritanos anónimos e crentes confesos naceu o menú diario do comedor social. Conversamos aquí co equipo de Cáritas de Ribeira: Teresa, Loli, Javier, Severino e Manolo.

Como xurdiu?

Pois como deriva lóxica da crise que comeza en 2008. Un restaurante do concello ofrece a Cáritas parroquial prover de 40 menús de luns a venres, para xente necesitada.

Así, sen máis...

Ben, había e hai entre nós un voluntario que é empresario e traballou na construción do local do restaurante. Os donos do restaurante manifestáronlle o seu desexo de actuar socialmente co que sabían facer: dar de comer. Cavilaran en ir adiante pola súa conta, mais non lles resultaba

doado atinar co xeito de facelo. Sabían que el era voluntario de Cáritas e das conversas xorde unha proposta colaboradora.

Cal foi?

O grupo de Cáritas poñía a disposición un local parroquial e organizaba ao grupo de persoas para desenvolver a iniciativa: dar unha comida boa, ben feita, de luns a venres, cun menú de dous pratos e sobremesa. Un menú variado que cobre catro semanas de pratos diferentes. Para 40 persoas. O restaurante manda todo listo en bandexas quentes. Por veces mesmo con sorpresa a xeito de lagostino ou doce elaborado. Iso acontece cando no res-

taurante houbo algunha celebración. O equipo de voluntarios organiza o funcionamento do comedor. Son 2 persoas diferentes cada día. Agora vimos sendo catorce que imos rotando.

E quen recolle, frega...?

Os propios usuarios recollen, pasan a vasoira, limpan as mesas e colocan as cadeiras. O restaurante leva as bandexas e frégaas, xa que é un material que se volve usar no día seguinte. Así decote. Abrimos ás 13:30 e pechamos ás 14:30. O promedio de usuarios anda entre os 35 e 37 diarios.



Cal é o perfil dos usuarios/as?

Hai un pouco de todo. Persoas atrapadas no paro, ou con pensións insuficientes e persoas con adicións que desembocan na marxinação social. A meirande parte, xente de aquí. Cando comezamos acudían familias, sobre todo de inmigrantes. Agora só acoden 2 persoas estranxeiras. Moitos marcharon. Ao primeiro tivemos incluso 12 nenos e nenas menores de 12 anos.

Tende a xente a “perpetuarse” como beneficiario?

Pasa máis na xente de aquí que son consumidores dependentes. Tamén quizais entre os que contan cunha pensión escasa. Matina ti, por un intre, nunha familia que sobrevive cunha pensión non contributiva. Se teñen asegurado un xantar diario, poden defender o alugueiro e a luz coa pensión. De non ser así, como habían facer? Os que con sorte atopan un traballo, vanse en canto xa non precisan da axuda.

E o perfil do voluntario?

Tamén hai que valer. Cómpre dicir que comezamos catro e axiña veu máis xente. Buscamos voluntarios acollores, atentos, que saiban escoitar, responsables e discretos. Hai que saber da xente para axudala, non para andar a laretar polo rueiro.

E o da empresa?

No mundo empresarial hai de todo. Non falamos dos grandes emporios que evaden e se lucran con prácticas ilegais. Colaboran con nós empresas pequenas e medianas que ofrecen a partir do que teñen: un transporte, un material, un alimento. No caso do restaurante gárdase tamén unha liña laboral coherente, tanto no trato coma nos contratos dos traballadores.

se cobra pensión) e adminístrase a asistencia que se lle vai dar. Non hai distinción de orixe, nin relixión. Soamente o grao de necesidade é o decisivo.

Recibides achega do Banco de Alimentos para o comedor?

Non, para o comedor non. O que nos chega do banco de alimentos xestiónanse de forma independente. Algúns usuarios utilizan os dous ser-

unha familia só cunha pensión non contributiva, se ten asegurado o xantar, aínda pode defender o alugueiro e a luz

Pasádeslle á empresa algunha certificación de gasto que deixe constancia da comida que entregan?

Non. Ni a damos nin nola solicitaron nunca. Chegaron incluso a ofrecernos un piso da súa propiedade para facer labores de acollida.

E como se selecciona aos usuarios do comedor?

Antes de acudir ao comedor pasan por Cáritas. Alí fálase coa persoa/as solicitantes, estúdase a súa necesidade (se está censado, se está no paro,

vizos. Miramos de quitarlle o mellor proveito a todos os recursos. Incluso no comedor, se algún día sobra comida, pódena levar para a casa ou facela chegar a alguén que estaba anotado e non puido vir.

Ademais do restaurante tedes algún outro samaritano que bote unha man cando pasa por diante da vosa porta?

Si. De cando en vez pequenos establecementos fannos chegar achegas de alimentos cos que traballan. Incluso algún colexio en días nos que

Entrevista Na procura dos bos samaritanos de hoxe

X.L. Vilar

celebran algunha festa cos cativos. Tampouco queren revelar a súa identidade.

Arrancastes en 2012. Ata cando?

Non hai máis futuro co presente. Se perdemos estas solidariedades anónimas nós non temos cartos para continuar. Bota contas. 40 menús diarios a 4-5 € por menú...

Doutra banda, a crise persiste, aínda chega moita xente e temos lista de agarda. As perspectivas do traballo no mar empeoran. Ademais e por

desgraza, mesmo en tempos de bonanza, hai xente que a cotío cae no furado e non dá saída. Sempre haberá por quen mirar. Sentese a meirande das satisfaccións cando un dos usuarios atopa traballo e pode prescindir do comedor.

Solicitastes algunha vez axuda pública, por exemplo do concello?

Non, aínda que mantivemos algún acordo puntual. Cando deixaron de prestar servizo de comidas na UAD (Unidade de Atención ás persoas

Non se fan distincións. Soamente o grao de necesidade é o decisivo.

Drogodependentes), nós asumimos a atención desas persoas. Pola volta, o concello asumiu a atención dos nosos usuarios en días nos que o restaurante non nos prestaba o servizo, por exemplo no Nadal. Polo momento iso é todo.

Sabedes dalgunha iniciativa semellante polos arredores?

En Boiro montaron un comedor social tamén. Era o concello que pagaba un servizo de comidas a unha empresa hostaleira. Mantíxose un curto período de tempo e logo pechou. Non sabemos máis do asunto. Da outra banda da ría, en Cáritas de Vilagarcía manteñen un comedor cos propios fondos de Cáritas. É outro modelo. Nós así non poderíamos sostelo.

MENU COMEDOR SOCIAL					
MAYO					
	MARTES 1	MIÉRCOLES 2	JUEVES 3	VIERNES 4	
PRIMERO		Ensalada de zanahorias	Lentejas vegetales	Sopa de verduras	
SEGUNDO		Estofado de jarrete	Merluza a la plancha	Lomo a la plancha	
POSTRE		Arroz blanco	Ensalada mixta	Patata frita	
		Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	
	LUNES 7	MARTES 8	MIÉRCOLES 9	JUEVES 10	VIERNES 11
PRIMERO	Ensalada de atún con tomate	Macarrones con espinacas	Crema de verduras	Guisantes con jamón	Sopa de verduras
SEGUNDO	Merluza rebozada	Pollo al ajillo	Maruca al ajillo	Espaguetis a la boloñesa	Guiso de carne a la jardinera con patata
POSTRE	Arroz blanco	Patata frita	Ensalada mixta	Fruta de temporada	Fruta de temporada
	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada
	LUNES 14	MARTES 15	MIÉRCOLES 16	JUEVES 17	VIERNES 18
PRIMERO	Croquetas de jamón	Arroz tres delicias	Alubias estofadas		
SEGUNDO	Merluza a las finas hierbas	Filete de pollo a la plancha	Marrajo a la plancha		
POSTRE	Ensalada mixta	Potatas fritas	Ensalada mixta		
	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada		
	LUNES 21	MARTES 22	MIÉRCOLES 23	JUEVES 24	VIERNES 25
PRIMERO	Ensalada griega	Sopa vegetal	Ensalada del huerto	Croquetas de bacalao	Ensalada de arroz con manzana
SEGUNDO	Guiso de carne a la jardinera	Merluza rebozada	Pollo al horno	Maruca a la plancha	Carrilleras estofadas con patata horno
POSTRE	Fideus	Arroz blanco	Patata frita	Ensalada mixta	Fruta de temporada
	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada
	LUNES 28	MARTES 29	MIÉRCOLES 30	JUEVES 31	
PRIMERO	Ensalada de pollo	Ensaladilla de arroz	Macarrones gratinados	Sopa de verduras	
SEGUNDO	Fraguetis a la boloñesa	Lomo a la plancha	Merluza al ajillo	Pollo al tomillo	
POSTRE	Fruta de temporada	Patata frita	Ensalada mixta	Arroz blanco	
	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	Fruta de temporada	

ENCONTRO POR UN MUNDO RURAL VIVO E CON FUTURO

Vilardevós, 7 de maio 2016

No mundo rural galego hai moita vida...
hai moitas posibilidades!

vivimos NORURAL

Lugar: Centro de Interpretación do Contrabando
Rúa Xacinto Santiago, 23, 32616, Vilardevós (Ourense)

Matrícula: 5€

Xantar: Cada quen levará a súa propia comida que
compartiremos.

Inscripcións:

vivimosnorural@gmail.com

CDR Portas Abertas, rúa Xacinto Santiago, 23,
Vilardevós

Telef.: 988417232

988989508

640687331

Aloxamento: As persoas que así o desexen poden pasar a noite
no albergue do CDR Portas Abertas en Vilarcello da Cota
(Vilardevós), o prezo é 9,50€/persoa.



PROGRAMA DA XORNADA

vivimos NORURAL

10.00 -Recepción nas instalación do CDR Portas
Abertas en Vilardevós

10.15-10.30 -Presentación do Centro de Desenvolvemento
Rural Portas Abertas e da súa actividade.

10.30-12.00 -Asamblea de Vivimos no rural. Repaso do feito
dende o encontro de maio de 2015 e propostas de
futuro.

12.00-12.20 -Pausa café

12.20-13.00 -Coñecemos a experiencia de Biocoop
(Cooperativa Ourenseana de carne ecolóxica) a través do
seu xerente Xosé Luis Vaz

13.20-14.30 -Coñecemos a experiencia de Souto da Trave e
visítamos as súas instalación na aldea de A Trave
(Vilardevós).

15.00 -Comida compartida entre todos e celebración.



Queremos seguir unindo esforzos contra a
insignificancia do mundo rural.

Non queremos que os de fóra falen ou
decidan por nós.

Vivir aquí é o que nos une e o que nos dá
perspectiva, unha aposta convencida que nos
anima á vida e o futuro nas aldeas.

Organiza:

vivimos NORURAL

Colabora:



1991-2016





Monforte na vida de Manuel María Charla con José Martínez

José Martínez traballa no Concello de Monforte e organiza roteiros literarios baseados na vida e na obra do poeta. Non hai recullo da cidade que el non saiba explicar con paixón e, por suposto, é quen de seguir a pegada de Manuel por rúas, igrexas, prazas e pontes. Este é un resumo do que supuxo o paso de Manuel María polas terras de Lemos.

Que papel tivo Monforte na vida de Manuel María?

Constituíu unha etapa moi importante na vida do poeta. Aquí viviu entre 1958 e 1998 e aquí desenvolveu o seu labor profesional como procurador.

E á parte de procurador tamén foi libreiro.

Si, Monforte tróuxolle días tristes e tamén días alegres, que foi cos que el quedou. E días alegres foron os da inauguración da librería Xistral. Iso aconteceu en 1970 e estivo funcionando durante 27 anos rexentada polo Manuel e a Saleta, aínda que quen realmente traballaba na librería era Saleta.

Pero non só vendían libros, senón que crearon un centro cultural.

Efectivamente, a librería foi un centro cultural moi importante para a cidade porque alí recibiron a moitos amigos e persoeiros da cultura galega durante todos eses anos.

E un labor decisivo foi o seu papel de editor.

Si, en relación coa librería está a editorial do mesmo nome, Xistral, que publicou moitos volumes, pero, sobre todo, destaca a colección Val de Lemos. Nela saíron doce volumes de

autores moi importantes para a literatura galega como Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro, Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño ou o propio Manuel María.

E non era nada doado publicar naquela altura.


A librería foi un centro cultural moi importante para a Monforte

Non, por iso foi un verdadeiro pioneiro. Cando empezou Xistral ao mellor non chegaban a publicarse 30 libros en galego ao ano (hoxe publícanse mil e pico) e as canles para facelo eran moi estreitas. Cada aparición dun libro era un acontecemento.

Dicía que tivo días tristes e alegres na cidade...

Manuel María tivo un grande amor por Monforte e a el lle dedicou o *Cancioneiro de Monforte de Lemos*. E Monforte tamén tivo unha relación de amor-odio con Manuel, máis que

nada pola súa vinculación política, aínda que o amor foi o que prevaleceu. Manuel é fillo adoptivo da cidade dende 1990 e, por suposto, ten unha rúa adicada. En definitiva, Monforte é unha cidade para coñecer da man del e da súa excelente guía literaria que é ese *Cancioneiro de Monforte de Lemos*.





“Manuel María sempre foi coherente co que escribiu” Conversa con Saleta Goi

Saleta Goi casou con Manuel María no ano 1959 e agora preside a Fundación que ten por obxectivo a conservación e divulgación da obra do poeta chairego. Nesta entrevista amósanos a ollada próxima sobre a persoa coa que compartiu 45 anos de vida.

Como foi a vida cunha persoa tan dedicada á poesía?

A miña convivencia con Manuel María ofréceme a imaxe dun home totalmente entregado á escrita e coa vitalidade de calquera outra persoa. Gustáballe moito comer, viaxar, charlar cos amigos... E como eu tamén compartía as mesmas afeccións, inqedazas e afinidade política, tiñamos unha vida en común moi doada.

Que tal leva este ano dedicado ao seu home?

Estou agradecida á Academia por dedicarlle este Día das Letras e moi satisfeita pola resposta da sociedade, da xente. Son moitas as persoas que vexo contentas con esta dedicatoria. Foi un home que percorreu todos os centros de ensino de Galicia de norte a sur e de leste a oeste, así que hai moita xente que ao mellor coñece menos a obra pero que si tivo ocasión de tratalo nalgũa ocasión.

E quen o coñecese sabe que foi un home comprometido.

Si, o seu percorrido vital estivo marcado polo compromiso co país e sempre foi coherente co que escribiu. Iso tamén fixo del unha persoa respetada -aínda que a coherencia coa súa ideoloxía creoulle máis dun inimigo. Con

todo, sempre foi ben recibido e cunha excelente comunicación coa xente. Fixo un grande labor de divulgación do que consideraba que era necesario para Galicia. É bonito que este Día das Letras de Manuel María coincida co ano do centenario das Irmandades da Fala, xa que eles, salvando as distancias, trataron de facer o mesmo.

Foi un home totalmente entregado á escrita

Á parte da obra poética hai que destacar o seu traballo como autor teatral.

El fixo teatro por necesidade. Naquel tempo practicamente non había literatura infantil e teatro aínda menos.

Entón pedíanlle “Manuel, fasmee unha obra con tantos personaxes e con esta duración?” e el facíaa. Tiña moita facilidade para escribir. Por exemplo, *As aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, que tanto éxito tivo, foi feita a petición duns amigos. A el gus-

táballe moito o teatro, seguramente fose o seu xénero preferido despois da poesía.

Como xurdiu a idea de poñer unha librería en Monforte?

O de procurador daba pouco e eu quería traballar tamén, así que unha cousa estupenda para os dous e que nos gustaba era unha librería (porque a que traballaba nela era e, que non era o Manuel). El si escribía nunha mesiña que tiñamos: eu despachando no mostrador e Manuel ao seu, tiña unha capacidade de concentración increíble. Todo o que escribiu desde o ano 70 pasou por esa mesa. A librería, na que por suposto se atendía en galego abrímolaa cun crédito e funcionou de marabilla.



O carné de conducir

Felipe, renegando do medo, decidiuse a probar se podería sacar o carné de conducir. Parecíalle imposible. Sentíase tremendamente inseguro. As necesidades forzárono a tomar a decisión. Estaba canso de depender dos outros, ao tempo que lle amolaba non ser coma os demais.

Púxose a estudar a teórica. Foise metendo pouco e pouco. Mentres traballaba, non deixaba de repasar. De noite, xa na cama, collía o libro para empezar un novo tema e durmir con el na cabeza. E, así, un e outro día.

Chegou o exame. Foi por ir. Sabía de sobra que non aprobaría. Efectivamente o resultado foi o esperado. Non houbo sorpresa e tampouco desgustos.

Pero seguiu para adiante. O teórico aprobouno á segunda. Logo veu a práctica. Os problemas non diminuíron. Ás horas que lle dedicaron os da autoescola, hai que engadirlle o tempo (bastantes horas) que lle prestou un familiar, quen, pacientemente, lle facilitou o traballo de meter nos



miolos os segredos do coche. Á terceira foi a vencida. Celebrouno polo grande. Sentíase moito máis home. Lograra chegar a onde chegaran case todos os seus veciños. E, sobre todo, conseguira arrincar da cabeza ese tapón que lle impedía verse capaz de conducir un coche. Antes non facía se non repetir: “Iso non é para min. Non me vexo capaz. Non nacín para iso”

Pero este feito fixo repensar a Felipe en algo no que xa cavilara veces e veces...

-Por que -preguntábase Felipe- fan falta tantas voltas e revoltas para quitar o carné de conducir, e para ser pai e nai e conducir unha familia non se lle pide nada a ninguén? Un pode ter os fillos que queira, educaos ou non, levalos por camiños, carreiros ou atallos... E que

O repenso

Ramón Díaz Raña



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas


DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.shtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



O ECO

E non credes que Xosé, o carpinteiro, por moi santo varón que fose, non diría algunha palabra non tan santa cando se dese co martelo nun dedo?

E non credes que sería mellor quitarlle a María tanta lúa e estrelas, anxos e querubíns arredor e seguiría sendo igual a nai de Xesús?

E, xa postos, non credes que ao neno Xesús se lle caería o ariño da cabeza de estar a xogar con varios irmáns e irmás?

De que nos valen eses modelos tan nas alturas? Que exemplo poden darnos se non parecen de carne e óso coma nós? So lles falta voar. E non é por quitarlles méritos, senón toda a trapallada que lles foron engadindo co paso dos milenios. Esas imaxes que meten medo ou dan pena están moi lonxe de nós. Xa sei, o estilo artístico de séculos pasados, pero moitas veces semella que seguimos neses tempos, pois é o que continuamos a ver na maioría das igrexas.

Eu prefiro ao moreno de Nazaré. Lede ou escoitade "Un tal Jesús" (dispoñible en internet). É o mellor regalo que vos podo facer e, ademais, é de balde.

Olga Álvarez

A CLAVE

Velaí o evanxeo do 1 de maio, o día internacional das persoas que traballan. Xesús vai á súa terra natal, e nota o rexeitamento dos seus veciños. No entanto, na primeira lectura, Paulo dille aos Colosenses que sexan agradecidos, que poñan toda a alma no que fan, e que fagan as cousas cos ollos postos en Deus. (Col 17, 23-24).

A de Paulo é unha afirmación chave para entender a Xesús. O noso traballo, as nosas angueiras, só valen a pena si de verdade apuntan a un interese máis alto ca nós mesmos. O noso afán será verdadeiro traballo polo Reino se somos quen de superar os marcos das nosas leiras persoais e mentais para ir máis aló do propio. Xesús constata: "na súa casa e na súa terra é onde rexeitan ao profeta", pois sabe que a Historia está inzada de persoas "incomprendidas" coma el. E non lle dá maior importancia á opinión dos seus veciños. Antes ben parece que tales opinións o reafirman no seu labor a prol do Reino. Xesús traballa con toda a alma para servir a Deus, non ás persoas.

Que así sexa tamén para nós.

Marisa de Corme

A PALABRA

DOMINGO 1 DE MAIO. FESTA DE SAN XOSÉ OBREIRO

A PALABRA. Mt 13, 54-58

Naquel tempo, indo Xesús para a súa terra, alí con tal xeito lles ensinaba na sinagoga que dicían abraiados: «De onde lle veñen a este esa sabedoría e eses milagres? Non é o fillo do carpinteiro? Non se chama María súa nai; e seus irmáns Santiago, Xosé, Simón e Xudas? E súas irmás non viven connosco? Entón de onde lle vén todo isto?». Estaban realmente escandalizados por causa del. Mais Xesús díxolles: «A un profeta só o aceptan mal na súa terra e na súa casa.» E alí non fixo moitos milagres pola falta de fe daquela xente.

Falando da lingua Neofalantes

Lidia e Valentina



Neofalante é un termo que se aplica en Galicia para facer referencia a aquelas que persoas que tiñan o galego como lingua inicial e xa na mocidade ou idade adulta pasan a ter o

galego como lingua habitual. Isto é: pasan de ser monolingües en castelán para seren monolingües en galego.

Normalmente os neofalantes falan estándar, porque é o que aprenden para lanzarse a falar, ou ben “novo-galego-urbano”; isto é: un galego que non distingue oso de óso, nin pola de póla; que coloca mal ou moi mal os pronomes; que, se cadra, non pronuncia o “n” de “unha”; nin o “x” de “xuntos”...

Ás veces, se socializan nun contexto moi galegófono, falan o galego cos trazos dialectais do lugar no que residen. Isto dáse entre aqueles mozos que poden ser fillos de emigrantes e

retornan á aldea da que saíron, onde “resisten” galegofalantes tradicionais. Hai moitos casos nos que pasan a falar galego para “integrárense”, mais poden seguir mantendo o seu status de “diferentes” falando castelán.

Mais os neofalantes nos que a maioría estamos pensando son aqueles que, durante a educación secundaria ou xa na universidade, nun ambiente normalmente urbano e moi castelanzado, dan o paso e mudan de lingua. Non se trata de que falen agora galego con quen fala galego e castelán con quen emprega esta lingua. Non. É unha mudanza consciente que implica que con toda persoa que poida entendedelos van empregar o galego, mesmo cos membros da súa familia e coas amizades íntimas, con quen teñen o rexistro lingüístico perfectamente establecido xa en castelán.

Agora, a grande pregunta que vos facemos é: un é neofalante para sempre? Esa etiqueta non se perde xa nunca? Aplícaselle tamén aos que empregan un galego con trazos dialectais ou só a quen continúa falando “novo-galego-urbano”? E os que falan galego estándar correctísimo, se cadra desde hai xa vinte anos..., aínda son neofalantes?

Propoñémosvos esta interesante reflexión para divagar nestas tardes longas desta primavera que só a coñecemos porque mudou a hora...

O Fachineiro da Lomce

A fe move alumnados

Cando o lector e mais a lectora teñan entre as mans estas documentadas liñas, habemos andar a voltas coa reválida de 6º de Educación Primaria, esa proba á que en Galicia -a diferenza doutras comunidades- se vai aplicar con todas as da Lei. Falamos da Lei Wert, que leva o nome dese señor ao que vostede e mais eu lle pagamos un piso de 500 metros cadrados na selecta avenida Foch de París, xa que o seu soldo de 10.000 euros mensuais do posto de traballo -que o noso presidente lle buscou solícito- non llo permite. Iso si que é inserción laboral. O exercicio de comparanza cos algarismos da entrevista sobre o comedor social publicado neste mesmo número resulta insultante pero esclarecedor de como se



perpetran as desigualdades sociais e de como os poderosos se rin dos febles. Hai dúas semanas vimos como se manifestaban os alumnos e alumnas de ensinanza medias e univer-

sitarias ante as consecuencias da Lei evacuada pola cabeza -permítase a metonimia forzada- do señor José Ignacio. Resulta que temos os estudos superiores máis caros de Europa e contamos coas axudas máis magras. A fe en que algo se poida cambiar levou a rapazada a protestar na rúa. Outra fe, levou, mercé a esa Lei, a que a matrícula de relixión en 1º de bacharelato se incrementase ata un 150% nalgún centro. Non se vía tal conversión desde Constantino!.

A.Q.